



Expediente IET: P-21-267

Proxecto: Parque eólico Porto Vidros

Concello: Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro (Pontevedra)

Promotor: Naturgy, Renovables, SLU

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 12/04/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Porto Vidros.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

Tendo en conta a disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, este proxecto debe adaptarse ás Directrices de paisaxe de Galicia.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Porto Vidros (10,35 MW), composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, torre anemométrica, e centro de seccionamento). Os aeroxeradores terán 3,450 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de entre 81 e 94 metros, e 138 metros de diámetro de rotor. Así mesmo, o proxecto inclúe a liña de descarga de 6,6 km de tramo aéreo e 33 apoios, que conectará o centro de seccionamento de Porto Vidros co do futuro parque de Campo da Rosas.



As infraestruturas do parque sitúanse dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Serra do Cando.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo 4).

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística do Baixo Lézere.

As áreas de especial interese paisaxístico do Catálogo máis próximas ao parque son a AEIP-08-12 Serra do Cando (situada a uns 2,3 km ao suroeste dos aerogeneradores T4-03), a AEIP-08-11 Val do Alto Almofrei (situada a uns 3,4 km ao suroeste do aerogenerador T4-02), a AEIP-08-23 San Xusto – Río Lézere (situada a uns 5,4 km ao leste do aerogenerador T4-01), e a AEIP-08-10 Área Arqueolóxica de Campo Lameiro (a 4,6 km da LAT). Os miradoiros situados a menor distancia son o miradoiro de Limeres (a uns 820 metros ao nordés do T4-02) e o Monte Coirego (a 3 km ao suroeste do T4-01), ademais dos miradoiros de Outeiro do Coto, do Seixo e do Alto da Cruz do Seixo, todos eles a menos de 5 km dos aerogeneradores, e o miradoiro de Pedrouzos a menos de 5 km da LAT. Respecto das sendas panorámicas, cabe citar o GR-94 “Rural de Galicia” e o PR-G-135 “Roteiro da Escuadra”, que discorren ao oeste e sur das infraestruturas. Así mesmo, ao suroeste do parque, está identificada a parroquia de Corredoira como un lugar de especial interese paisaxístico (LEIP), polos abondosos muros de pedra e corredeiras con pavimento de pedra

Ademais do recollido no Catálogo das paisaxes, no ámbito do proxecto existen outros elementos de interese paisaxístico cultural e natural, como son os peches e valados tradicionais en pedra nas agras e nos asentamentos humanos, o bosque autóctono de ribeira no canón do río Lézere e os abondosos afloramentos rochosos dos cumios.

O proxecto localízase entre o alto da Chaira e o Outeiro do Ladrón. Trátase de cumios conformados por unha paisaxe forestal caracterizada por especies autóctonas en formacións naturais, plantacións madeireiras, mato e numerosos afloramentos rochosos. Os núcleos de poboación están situados a pé de val ao leste e sur destes outeiros, de entre eles, Cerdedo é o núcleo de poboación de maior entidade da contorna e está situado a 3 km ao nordés das instalacións. O acceso ás infraestruturas realízase polo norte dende a estrada N-541.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta de descrición do proxecto e da contorna, unha diagnose do estado actual da paisaxe, unha análise da calidade visual e a fragilidade paisaxística do ámbito, e o cálculo das cuncas visuais dos aerogeneradores e dos apoios da LAT nun radio de 20 km. Finalmente inclúense apartados referentes aos impactos do proxecto e ás medidas preventivas e correctoras.

O estudo de calidade e fragilidade paisaxística está realizado sobre un ámbito de 5 km ao redor dos aerogeneradores e de 2,5 km ao redor da LAT. Sen embargo, a cunca visual (plano 4.3) calcúlase nun ámbito de 20 km respecto de ambas infraestruturas, non gradúa a incidencia acumulada dos aerogeneradores (tan só a cualidade visible/non visible), e carece de información sobre os elementos de interese. De este xeito, non resulta posible avaliar correctamente a incidencia visual das infraestruturas sobre os principais elementos de interese paisaxístico contidos no Catálogo das paisaxes, como son as AEIP, os miradoiros ou os lugares de especial interese paisaxístico (LEIP). Esta dificultade na interpretación dos resultados do EIIP, vese agravada polo feito de que estes elementos tampouco aparecen avaliados nas infografía (que avalían algúns núcleos, estradas, e vías de





comunicación). Ademais, o EIIP carece de estudo da sinerxía na incidencia visual doutros parque eólicos próximos en funcionamento ou en proceso de tramitación.

Para a corrección de impactos o proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística que se limitan á xestión equilibrada dos movementos de terra, á restauración vexetal de superficies afectadas e ao correcto balizado das obras de construción.

Por tanto, o EIIP presentado non se adapta aos contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, toda vez que a diagnose da paisaxe e a estimación do impacto do proxecto non se axusta ao disposto nos artigos 28 e 29 do Regulamento, e non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto ás determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que se ben o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo, existen potenciais afeccións sobre elementos de interese paisaxístico que non se avaliaron, como son a afección visual sobre os miradoiros (especialmente sobre o de Limeres). Ademais, poden producirse tamén impactos sobre outros elementos de interese etnográfico e natural (muros ou valados de pedra tradicionais e afloramentos rochosos).

Aparte do contido documental antedito, existen carencias na análise dos impactos e, como consecuencia, nas medidas preventivas e correctoras que o parque precisaría.

5. Conclusión:

Este proxecto pode producir efectos significativos sobre valores paisaxísticos que cómpre avaliar para establecer as oportunas medidas preventivas e correctoras. Para tal fin o EIIP debe completarse co seguinte:

- Completar a diagnose do estado actual da paisaxe, en particular na identificación pormenorizada de valores e lugares de especial interese paisaxístico, de acordo co disposto no artigo 28 do Regulamento da Lei 7/2008.
- Unha estimación do impacto previsto do proxecto sobre os miradoiros e as AEIP, de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento da Lei 7/2008. Debe valorarse en detalle a incidencia visual das infraestruturas do parque sobre as vistas que se aprecien dende as AEIP citadas no apartado 3 anterior e sobre os miradoiros, (especialmente sobre o de Limeres). Así mesmo, deberanse analizar os efectos sinérxicos derivados da presenza doutros parques na contorna, tanto os que están actualmente en funcionamento como os autorizados ou en fase de tramitación, tendo en conta que a afección visual dos aerogeneradores é acumulativa e a presenza doutros parques non resulta favorable para a integración paisaxística do proxecto. Recoméndase incorporar ao estudo técnicas gráficas de representación visual, como por exemplo montaxes fotográficas realizadas sobre fotografías reais tomadas en campo.
- Deberanse determinar os impactos que o parque eólico poida producir sobre os elementos que caracterizan a paisaxe da zona de implantación e que se tivesen identificados no apartado de diagnose pormenorizada de paisaxe, en particular os que presentan interese paisaxístico (afloramentos rochosos, peches e valados tradicionais, masas de vexetación de interese, etc).



- Tendo en conta a disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, este proxecto debe adaptarse ás Directrices de paisaxe de Galicia. Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 “Disposicións de carácter xeral” das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Debe completar as medidas a adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.a, no deseño do parque eólico deberánse ter en conta os resultados do EIIP, e particularmente as cuestións que se indican neste informe.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.17 a). 4, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos graníticos por parte dos aeroxeradores, das súas plataformas de montaxe e das vías de acceso, posto que se trata de elementos compositivos que definen unha das maiores singularidades paisaxísticas destes altos. Na mesma liña, deberá asegurarse a maior compatibilidade posible coas masas de mato ou de arboredo autóctono de alto valor ecolóxico que poidan existir tanto no ámbito do parque como de la LAT ao paso polo canón do Lérez (directriz DX 20.d).
 - Así mesmo, a partir das cuncas visuais dos aeroxeradores, e de acordo coa directriz de paisaxe DX.26.c, buscaranse os emprazamentos das infraestruturas que provoquen unha menor incidencia visual aos miradoiros.
 - No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio de control, deberánse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. De ser necesario para o seu amortecemento visual, no perímetro da infraestrutura disporase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas propias desta serra, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.22.i, o acondicionamento dos camiños, o trazado das novas pistas e as infraestruturas da LAT deberá respectar, sempre que sexa posible, as sebes, os valados tradicionais e os aliñamentos de árbores, e calquera outro sistema de delimitación tradicional. De acreditarse imposibilidade técnica deberán contemplarse medidas correctoras tendentes á correcta reparación dos danos ocasionados.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

